

ANEXO BENEFICIOS FISCAIS

Segundo o disposto na Disposición final primeira do Real Decreto-lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sostenibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, engádesse ó expediente do proxecto de orzamento o anexo de beneficios fiscais en tributos locais, recollidos nas ordenanzas fiscais que regulan os diferentes tributos.

IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Artigo 3º.

1. En virtude do artigo 62.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese a exención dun importe mínimo combinado de 2,00 € (dous euros e cero céntimos) por liquidación e de 12,00 € (doce euros e cero céntimos) por contribuínte (unidade fiscal), para practicar liquidacións polo imposto sobre bens inmobles de natureza rústica, de tal xeito que non se practiquen liquidacións cando a cota resultante non chegue ós 2,00 € e tampouco cando a totalidade das cotas dunha mesma unidade fiscal non chegue ós 12,00 €, aínda que unha ou varias delas chegue ós 2,00€.

Artigo 4º.

1. En virtude do artigo 73.1 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase **unha bonificación do 50%** na cuota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, para os inmobles que constitúan o obxeto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a ésta e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras ata o posterior á terminación das mesmas, sempre e cando durante ese período se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso se poda exceder dos tres períodos impositivos.

2. En virtude do artigo 73.2, parágrafo segundo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase **unha bonificación do 25%** na cuota íntegra do imposto para as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a éstas conforme a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia, e por un período de tres anos.

Esta bonificación concederase previa petición do interesado e posteriormente á aplicación da bonificación obrigatoria recollida no artigo 73.2 parágrafo primeiro, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que establece a bonificación do 50% por un período de tres anos para este mesmo tipo de bens inmobles .

3. En virtude do artigo 74.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase **unha bonificación do 90%** na cuota íntegra do imposto a favor de aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, previa solicitude do interesado e previa acreditación por parte do mesmo desa condición, sempre e cando os bens inmobles sobre os que se pretenda aplicar a bonificación non teñan un valor catastral superior ós 150.000,00 euros.

Asi mesmo deberá acreditarse por parte do interesado, que o inmueble sobre o que pretende que se lle aplique a bonificación, constitúe a súa vivenda habitual, que están empadronados nela todos e cada un dos membros que constitúen a unidade familiar numerosa.

IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Artigo terceiro. Exencións

1.- Estarán exentos do imposto:

- a) Os vehículos oficiais do Estado, comunidades autónomas e entidades locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.
- b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado.

Asimesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sé ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.

- a) Os vehículos respecto dos que así se derive do desposto en tratados ou convenios internacionais.
- b) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ó traslado de feridos ou enfermos.
- c) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire o apartado A do Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro.

Asimesmo, estarán exentos vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto ós vehículos conducidos por persoas con discapacidade como ós destinados ó seu transporte.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios delas por máis dun vehículo simultaneamente.

A efectos do disposto neste parágrafo, considéranse persoas con minusvalía quen teña esta condición legal en grao igual ou superior ó 33%.

Terán a consideración de persoas con discapacidade, segundo o disposto na lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, aquelas a quen se lle recoñeza un grao de minusvalía igual ou superior ó 33%. En todo caso, consideraranse afectados en grao igual ou superior ó 33% os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente en grao total, absoluta ou gran invalidez e ós pensionistas de clases

Orzamento para o exercicio de 2019

pasivas que teñan recoñecida unha pensión de jubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

- d) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ó servizo de transporte público urbán, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove plazas, incluída a do conductor.
- e) Os tractores, remolques e semirremolques e maquinaria provistos de Cartilla de Inspección Agrícola.

Artigo quinto. Bonificacións

1.- Os suxeitos pasivos que teñan ó seu nome o vehículo no permiso de conducir poderán solicitar unha **bonificación do 100%** na cuota do imposto, cando o vehículo esté catalogado de histórico ou teña unha antigüedad mínima de 25 anos, contados a partir da data de fabricación. Si esta non se coñecera, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

2.- Os vehículos das clases turismos, camiións, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses e autocares, gozarán nos termos seguintes, dunha bonificación na cota do imposto, en función das características dos motores, a clase de combustible que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que se cumpran os requisitos seguintes:

- a) Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diesel ou eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, axeitados á súa clase e modelo que minimicen as emisións contaminantes. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 25% na cota do imposto durante seis anos naturais desde a súa primeira matriculación.
- b) Que se trate de vehículos novos sen matricular clasificados como turismos de motor gasolina ou diesel cuxas emisións de CO₂ non superen os 120 gr/Km. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 25% na cota do imposto durante catro anos desde a súa primeira matriculación.
- c) Que se trate de vehículos de motor eléctrico e/ou de emisións nulas. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 25% da cota con carácter indefinido, en tanto manteñan as circunstancias de motor e emisións sinaladas.
- d) Que se trate de vehículos que utilicen como combustible biogás, gas natural comprimido, metano, metanol, hidrógeno e GLP ou mixtos-GLP-gasolina en motores de ciclo OTTO, tanto implantados de fábrica como posteriormente, sempre certificando a súa implantación por organismos ou empresas homologadas para devandito fin. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 25% na cota en tanto utilicen os combustibles citados.

Para poder gozar das anteditas bonificacións, os interesados deberán instar a súa concesión presentando a ficha técnica do vehículo e a documentación acreditativa dos

Orzamento para o exercicio de 2019

requisitos. As bonificacións regladas no presente apartado non son aplicables simultaneamente.

IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Artigo 3º

1. En virtude do artigo 89.2.a) da Lei 39/88, de 28 de Decembro, aplicarase unha bonificación do 25% da cota correspondente, para quen inicie o exercicio de calquera actividade empresarial e tribute por cota municipal, durante os cinco anos de actividade seguinte ó remate do segundo período impositivo de desenvolvemento da mesma.

A aplicación desta bonificación requirirá que a actividade económica non se exercese anteriormente baixo outra titularidade, entendéndose que sucede isto, entre outros, no suposto de fusión, escisión ou aportación de ramas de actividade.

O período de aplicación desta bonificación caducará transcorridos cinco anos dende a finalización da exención prevista no parágrafo b) do apartado 1 do artigo 83 da citada Lei 39/88, de 28 de decembro.

A presente bonificación aplicarase á cota tributaria, integrada pola cota de tarifa ponderada polo coeficiente establecido no artigo 87 da Lei 39/88, de 28 de Decembro e modificada polos coeficientes do artigo 2.3 deste Ordenanza. Así mesmo no suposto de que resultase aplicable a bonificación á que alude o parágrafo a) do apartado 1 do artigo 89 da Lei 39/88, de 28 de Decembro, que é de obrigada aplicación, a bonificación que se regula neste punto da Ordenanza aplicarase á cota resultante de aplicar a bonificación obrigatoria do mencionado artigo 89.1.a).

2. En virtude do artigo 89.2.b) da Lei 39/88, de 28 de Decembro, aplicarase unha bonificación para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que incrementasen o promedio do seu plantel de traballadores con contratos indefinidos durante o período impositivo inmediatamente anterior ó da aplicación desta bonificación en relación co período anterior a aquel, co seguinte réxime de aplicación por porcentaxes:

Incremento porcentual da plantilla de ata:	Porcentaxe de bonificación:
100%	50%
90%	45%
80%	40%
70%	35%
60%	30%
50%	25%
40%	20%

.....CONCELLO DE BERGONDO.....

Orzamento para o exercicio de 2019

30%	15%
20%	10%
10%	5%

IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS

Artigo terceiro

1.-Está exenta do pago do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, a Comunidade Autónoma ou Entidades Locais, que estando suxeitas ó mesmo vaia a ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto se se trata de obras de inversión nova como de conservación.

2.-En base ó establecido na Disposición Adicional Terceira, do TRLRFL, non poderán alegarse respecto deste imposto os beneficios fiscais que estiveran regulamentados en disposicións distintas da normativa vixente de Réxime Local.

Artigo sexto

1.- En virtude do artigo 103.2 a) do TRLRFL aplicarase unha bonificación do 50% a favor das contrucións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou do fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

2.- En virtude do artigo 103.2 d) do TRLRFL aplicarase unha bonificación do 50% a favor das contrucións, instalacións e obras referentes ás vivendas de protección oficial.

Esta bonificación no caso de concorrer coa do apartado anterior aplicarase a cota resultante de aplicar a bonificación regulada nese apartado deste mesmo artigo.

3.- En virtude do artigo 103.2 e) do TRLRFL aplicarase unha bonificación do 90% a favor das contrucións, instalacións e obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados.

Esta bonificación no caso de concorrer coa do apartado primeiro ou coa do apartado segundo deste mesmo artigo, ou con ámbalas dúas, aplicarase a cota resultante de aplicar a bonificacións ás que se refiren eses dous parágrafos anteriores.

4.- As bonificacións ás que fan referencia os tres apartados anteriores deste artigo terán carácter rogado, e será necesaria a acreditación do suxeito pasivo de estar incurso nalgún ou nos tres supostos establecidos para cada unha de elas, presentando a documentación demostrativa dos mesmos.

Estas bonificacións poderán aplicarse simultaneamente, pero no caso de concorrer todas elas, a bonificación do apartado 3.º deste artigo aplicarase á cota resultante de aplica-la bonificación regulada no apartado 2.º deste mesmo artigo e a bonificación do apartado 2.º deste artigo aplicarase á cota resultante de aplica-la bonificación regulada no apartado primeiro

IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DE TERREOS DE NATUREZA URBANA

ARTIGO 3. Actos non suxeitos.

- 3.1. Non estará suxeito a este imposto o incremento do valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeles. En consecuencia estará suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de urbanos a efectos de dito Imposto sobre Bens Inmóbeles, con independencia de que estean ou non contempladas como tales no Catastro ou no Padrón de aquél. Ós efectos deste imposto, estará asimesmo suxeito ó mesmo o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmóbeles clasificados como de características especiais ós efectos do Imposto sobre Bens Inmóbeles.
- 3.2. Non se producirá a suxeición ó imposto nos supostos de aportacións de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, adxudicacións que ó seu favor e en pago delas se verifiquen e transmisións que se fagan ós conxuges en pago dos sus haberse comúns. Tampouco se producirá a suxeición ó imposto nos supostos de transmisións de bens inmóbeles entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentencias nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal sexa o réxime económico matrimonial.
- 3.3. Non se devengará o imposto con ocasión das aportacións ou transmisións de bens inmóbeles efectuadas á Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., regulada na disposición adicional sétima da Lei 9/2012, de 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, que se lle transferisen, de acordo co establecido no artigo 48 do Real Decreto 1559/2012, de 15 de novembro, polo que se establece o réxime xurídico das sociedades de xestión de activos.

Non se producirá o devengo do imposto con ocasión das aportacións ou transmisións realizadas pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., a entidades participadas directa ou indirectamente por dita sociedade en al menos o 50% do capital, fondos propios, resultados ou dereitos de voto da entidade participada no momento inmediatamente anterior á transmisión, ou como consecuencia da mesma.

Orzamento para o exercicio de 2019

Non se devengará o imposto con ocasión das aportacións ou transmisións realizadas pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestructuración Bancaria, S.A., ou polas entidades constituídas por esta para cumprir co seu obxecto social, ós fondos de activos bancarios, a que se refire a disposición adicional décima da Lei 9/2012, de 14 de novembro.

Non se devengará o imposto polas aportacións ou transmisións que se produzan entre os citados Fondos durante o periodo de tempo de mantemento da exposición do Fondo de Reestructuración Ordenada Bancaria ós Fondos, previsto no apartado 10 de dita disposición adicional décima.

Na posterior transmisión dos inmobles entenderáse que o número de anos ó longo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor dos terreos non se interrompeu por causa da transmisión derivada das operacións previstas neste apartado.

ARTIGO 4. Exencións.

4.1. Estarán exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten a consecuencia dos actos seguintes:

- a) A constitución e transmisión de calquera dereito de servidume.
- b) As transmisións de bens que se encontren dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico, ou que foran declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na Lei 16/85, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, cando os sus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que realizaran ó seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación en ditos inmobles. Para a aplicación desta exención deberase acreditar a súa inclusión no perímetro ou aportar a declaración de interese cultural individualizada, así como a correspondente licencia para a realización das obras de conservación, mellora ou rehabilitación, presentándose, asimesmo, as facturas relativas a tales obras.
- c) As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación das débedas garantidas con hipoteca que recaiga sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de forma profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.

Asimesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concurran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.

Para ter dereito á exencións requírese que o debedor ou garante transmitente ou calquera outro membro da súa unidade familiar non disponga, no momento de poder evitar o alleamento da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía

Orzamento para o exercicio de 2019

suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumirase o cumprimento deste requisito. Non obstante, si con posterioridade se comprobare o contrario, procederase a xirar a liquidación tributaria correspondente.

A estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela na que figure empadroadado o contribuinte de forma ininterrumpida durante, a lo menos, os dous anos anteriores á transmisión ou desde o momento da adquisición se dito prazo fose inferior ós dous anos.

Respecto ó concepto de unidade familiar, estarase ó desposto na Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renta de non Residentes e sobre o Patrimonio. A estes efectos, equipararase o matrimonio coa parella de feito debidamente inscrita.

4.2. Asemade están exentos deste imposto os incrementos de valor correspondentes cando a condición de suxeito pasivo recaia nas seguintes persoas ou entidades:

- a) Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, ás que pertenza o municipio, así como seus respectivos Organismos Autónomos de carácter administrativo se os tivera.
- b) O Concello de Bergondo e as Entidades Locais integradas ou nas que se integre o mesmo, así como os seus respectivos Organismos Autónomos de carácter administrativo.
- c) As institucións que teñan a calificación de benéficas ou benéficas-docentes.
- d) As entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas pola Lei 30/1995, de 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión dos Serguros Privados.
- e) Os titulares de concesións administrativas revertibles respecto dos terreos afectos ás mesmas.
- f) A Cruz Vermella Española.
- g) As persoas ou Entidades das que se recoñecera a exención en Tratados ou Convenios Internacionais.

ARTIGO 9. Bonificacións.

Estarán bonificadas ó 95%, na cota íntegra do imposto, as transmisións de terreos e as transmisións ou constitucións de dereitos reais de goce limitativos de dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes.

TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE, POLA ACOMETIDA Á REDE XERAL DE ABASTECIMENTO E Á REDE XERAL DE

.....**CONCELLO DE BERGONDO**.....

Orzamento para o exercicio de 2019

SANEAMENTO, ASÍ COMO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE REDE DE SANEAMENTO E DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

ARTIGO 7º.- CRITERIOS XENERICOS DE CAPACIDADE ECONÓMICA.

Ás cotas tributarias indicadas no parágrafo anterior e referidas ó apartado D, aplicaráselles unha redución do 50%, no caso de que os contribuíntes, persoas físicas que teñan escasez de recursos económicos ou persoas xurídicas sen ánimo de lucro ou con fins sociais ou benéficos, sempre que así o acredite un informe dos Servicios Sociais do Concello e previa solicitude individualizada en cada caso.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BERGONDO.

Artigo 4. Bonificacións.

4.1.-Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o taxa que resulte de aplicar o disposto na táboa anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

- a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20%.
- b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20%.
- c) Cando asistan a EIM (Escola Infantil Municipal), varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20%.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da declaración do IRPF.

4.2.-Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ó día 15 do mes, a cota que corresponda pagar por dito mes terá un desconto do 50 %.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

Artigo 8º.-Bonificación da Cota

Orzamento para o exercicio de 2019

Ás cotas tributarias indicadas no artigo anterior aplicaráselles unha redución do 50%, no caso de que os contribuíntes, persoas físicas que teñan escasez de recursos económicos ou persoas xurídicas sen ánimo de lucro ou con fins sociais ou benéficos, sempre que así o acredite un informe dos Servicios Sociais do Concello e previa solicitude individualizada en cada caso.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Artigo sexto .- Beneficios fiscais.

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.
2. O servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrencia prestarase de forma gratuita naqueles casos nos que a capacidade económica resulte igual ou inferior ao 80% do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM).
3. Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, poderán preverse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar xustificada no correspondente informe social

Bergondo, na data que figura na marxe
A alcaldesa

Asdo. Alejandra Pérez Máquez